



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 154
11 de xuño de 2021



CSV: BOPGDSPGAE9NhcUUO6

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

[59233](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Aprobación con modificacións

16668 (11/MOC-000047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa participación equilibrada de homes e mulleres nos órganos da Administración e nos consellos de administración de sociedades (Moción consecuencia da Interpelación nº 15700, publicada no BOPG nº 138, do 12.05.21, e debatida na sesión plenaria do 25.05.2021)

[59233](#)

Rexeitamento da iniciativa

16667 (11/MOC-000046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dun novo modelo eólico para Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 15829, publicada no BOPG nº 138, do 12.05.21, e debatida na sesión plenaria do 25.05.2021)

[59234](#)

16671 (11/MOC-000048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio natural e a biodiversidade (Moción consecuencia da Interpelación nº 5617, publicada no BOPG nº 52, do 25.11.20, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2021)

[59234](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 13689 (11/PNP-001341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central de atención ás alegacións presentadas pola Xunta de Galicia respecto do Proxecto de orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño

[59235](#)

I 15479 (11/PNP-001491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños

[59236](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 14701 (11/PNP-001452)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co deseño e presentación oficial do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022

[59236](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 2553 (11/PNP-000255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre o inicio polo Goberno galego, no último trimestre de 2020, do debate para a actualización do Pacto local de Galicia no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

[59237](#)

I 5252 (11/PNP-000601)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da rebaixa ao 4 % do IVE sobre a electricidade

[59237](#)

I 12192 (11/PNP-001201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas. (Procedemento de urxencia)

[59237](#)



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Rexeitamento da iniciativa

I 11670 (11/PNC-001179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego tendentes a incrementar a porcentaxe de investimento en I+D+i ata o 1,5 % do PIB galego nos vindeiros dous orzamentos e crear as condicións necesarias para incentivar a participación privada en I+D+i de xeito que se acade, na Comunidade Autónoma de Galicia, o obxectivo conxunto do 3 % do PIB [59238](#)

I 14089 (11/PNC-001434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución do parque eólico do Campo das Rosas, no concello de Cerdedo-Cotobade, así como co establecemento dun novo modelo eólico para Galicia [59238](#)

I 14234 (11/PNC-001449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reiniciar a actividade termal en Ourense e de adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da pandemia e da aplicación da Lei 8/2019 [59238](#)

I 15580 (11/PNC-001555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos despedimentos que se produciron no Grupo Cándido Hermida [59238](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 10 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 11910 (11/PPL-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

BOPG nº 105, do 03.03.2021

G. P. Popular de Galicia: Paula Prado de Río (titular) e Noelia Pérez López (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Olalla Rodil Fernández (titular) e Noa Presas Bergantiños (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia: Noa Susana Díaz Varela (titular) e Marina Ortega Otero (suplente)

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 8 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Aprobación con modificacións

- 16668 (11/MOC-000047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa participación equilibrada de homes e mulleres nos órganos da Administración e nos consellos de administración de



sociedades (Moción consecuencia da Interpelación nº 15700, publicada no BOPG nº 138, do 12.05.21, e debatida na sesión plenaria do 25.05.2021)
BOPG nº 147, do 02.06.2021

Sométese a votación por puntos a transacción, co seguinte resultado:

Puntos 1 e 3: aprobados pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

Punto 2: rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

O texto é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Procurar atender á participación equilibrada entre homes e mulleres que establece a disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en todos os órganos superiores e de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como en todos os seus entes instrumentais.

2. Facer efectivo o acordo aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, na súa sesión do 9 de marzo de 2021, que insta a Xunta de Galicia a asegurar que a perspectiva de xénero estea presente nos proxectos presentados pola Administración galega aos Fondos *Next Generation*, procurando atender, ademais, o equilibrio entre homes e mulleres en todos os órganos de decisión destes fondos.»

Rexeitamento da iniciativa

- 16667 (11/MOC-000046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dun novo modelo eólico para Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 15829, publicada no BOPG nº 138, do 12.05.21, e debatida na sesión plenaria do 25.05.2021)
BOPG nº 147, do 02.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 16671 (11/MOC-000048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio natural e a biodiversidade (Moción consecuencia da Interpelación nº 5617, publicada no BOPG nº 52, do 25.11.20, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2021)
BOPG nº 147, do 02.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 13689 (11/PNP-001341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central de atención ás alegacións presentadas pola Xunta de Galicia respecto do proxecto de orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021
BOPG nº 121, do 07.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 58 votos a favor, 14 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as medidas necesarias dirixidas a reducir o impacto negativo da nova tarifa eléctrica na economía das familias e na competitividade das empresas a través do impulso, como mínimo, das seguintes medidas:

1. Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, así como da supresión do gravame do imposto sobre a produción de electricidade.
2. Traspasar aos Orzamentos Xerais do Estado algúns dos custos regulados da tarifa eléctrica, a débeda do sistema eléctrico e os custos extrapeninsulares.
3. Revisar a tributación que soporta a factura eléctrica e impulsar unha reforma fiscal que harmonice a fiscalidade que esta factura soporta en España cos gravames medios dos países da nosa contorna.
4. Co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo, conceder máis peso específico ao termo de enerxía que ao de potencia.
5. Simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión, e poñer en marcha de inmediato unha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisión e permita un consumo máis eficiente para evitar o encarecemento da subministración eléctrica.
6. Ampliar o dereito de poder acollerse ao prezo voluntario do pequeno consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15 kW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao bono social eléctrico.»



- 15479 (11/PNP-001491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños

BOPG nº 134, do 05.05.2021

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Puntos 1, 2, 3 e 4: aprobados pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

Puntos restantes: rexeitados por 32 a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta o Goberno galego a:

1. Crear unha partida orzamentaria específica con fondos propios, que complemente a participación en programas europeos e iniciativas privadas, para continuar implementando programas de recollida e recuperación de residuos mariños, co fin de chegar a actuar en 2023 na totalidade da costa galega, mediante incentivos financeiros ao sector do mar.

2. Desenvolver campañas de información e sensibilización sobre o papel da cidadanía na loita contra a contaminación plástica e o lixo mariño.

3. Elaborar un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos, xa sexan redes, cordas, plásticos, latas ou outros residuos, no que se inclúa a recollida unificada das artes de pesca a bordo dos buques en bolsas ou contedores e a facilidade de instalacións axeitadas nos portos.

4. Realizar unha avaliación anual das características e tipos de residuos recollidos co fin de levar a cabo accións de prevención.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 14701 (11/PNP-001452)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co deseño e presentación oficial do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022

BOPG nº 130, do 28.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

1. Que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, para o deseño do Plan de Turístico Nacional Xacobeo 21-22, conte ca participación das comunidades autónomas, dentro das súas competencias no ámbito turístico, para a concreción de accións e para a aplicación de recursos económicos para os anos 2021-2022

2. Que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo se comprometa a facer a presentación oficial do Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22 na Comunidade Autónoma de Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 2553 (11/PNP-000255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre o inicio polo Goberno galego, no último trimestre de 2020, do debate para a actualización do Pacto local de Galicia no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

BOPG nº 27, do 07.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

- 5252 (11/PNP-000601)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da rebaixa ao 4 % do IVE sobre a electricidade

BOPG nº 49, do 19.11.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.

- 12192 (11/PNP-001201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 109, do 11.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 10 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Rexeitamento da iniciativa

- 11670 (11/PNC-001179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego tendentes a incrementar a porcentaxe de investimento en I+D+i ata o 1,5 % do PIB galego nos vindeiros dous orzamentos e crear as condicións necesarias para incentivar a participación privada en I+D+i de xeito que se acade, na Comunidade Autónoma de Galicia, o obxectivo conxunto do 3 % do PIB

BOPG nº 105, do 03.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 14089 (11/PNC-001434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución do parque eólico do Campo das Rosas, no concello de Cerdedo-Cotobade, así como co establecemento dun novo modelo eólico para Galicia

BOPG nº 126, do 21.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 14234 (11/PNC-001449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reiniciar a actividade termal en Ourense e de adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da pandemia e da aplicación da Lei 8/2019

BOPG nº 126, do 21.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 15580 (11/PNC-001555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis




Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos despedimentos que se produciron no Grupo Cándido Hermida
BOPG nº 134, do 05.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGAE9NhcUUO6

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

